



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

### **ORDENANZA REGULADORA DO FOMENTO DA NATALIDADE**

#### **FUNDAMENTOS DA ORDENANZA:**

A Constitución Española, no seu artigo 39, establece a protección social, económica e xurídica da familia.

Os artigos 25 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establecen a competencia municipal para promover a prestación de servizos sociais, nos termos da lexislación estatal e autonómica, estando por tanto o municipio amparado para a realización de actividades complementarias en materia de servizos sociais.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeneralizado nos países desenvolto e a comunidade autónoma de Galicia e particularmente o concello de Foz non son alleos a este problema. O descenso da natalidade é un dos principais problemas aos que debe facer fronte a nosa sociedade nos vindeiros anos.

Este concello, aos efectos de tratar de reactivar a natalidade, establece esta medida de fomento a efectos de paliar o desembolso económico que supón a incorporación, por nacemento ou adopción, dun novo membro á unidade familiar.

Para esta finalidade o concello de Foz ten previsto destinar unha parte dos seus orzamentos a atender estas necesidades, apostando polo futuro do municipio.

#### **Artigo 1º. Obxecto.**

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación das condicións e réxime xurídico para a concesión das subvencións para o fomento da natalidade polo concello de Foz, co obxecto de fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento.

Concederáse unha axuda económica de 300,00€ polo primeiro fillo, 400,00€ polo segundo fillo, e 500€ polo terceiro e sucesivos, ás familias do municipio de Foz nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo a partir do 1 de xaneiro de 2018, co obxecto de atender directamente os diversos gastos de atención directa ao novo membro familiar de conformidade cos principios de boa administración, boa fe e presunción de legalidade.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra establecida polas administracións públicas.

Non poderán ser beneficiarios os proxenitores ou adoptantes privados total ou parcialmente da patria potestade dos fillos ou adoptados por cuxo nacemento ou adopción se outorga a subvención, así como tampouco se outorgará a axuda no caso de que a tutela fose asumida ou concedida a unha institución pública.

#### **Artigo 2º. Requisitos.**

Para poder obter as axudas reguladas nesta ordenanza, serán requisitos:

1. Que un dos pais biolóxicos, adoptivos ou acolledores preadoptivos estea empadroado no concello de Foz e coa residencia habitual no termo municipal, con doce meses de antelación ao feito que motiva a petición da axuda. Este requisito será aplicable a calquera dos dous pais, salvo nos seguintes casos nos que se esixirá o requisito respecto do pai que conviva co fillo: nos casos de separación, no que se aportará copia da sentenza; nos casos de divorcio, nos que se aportará o acordo xudicial; nos casos de pais solteiros, nos que se xustificará o estado civil; e no caso de pais separados de feito deberá acreditarse dita situación.
2. Que a solicitude se formule no prazo de dous meses naturais seguintes ao acontecemento que o motiva, salvo que o feito se producise con anterioridade á

publicación desta ordenanza, contándose, neste caso, o prazo de dous meses desde a data de publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

3. Que a renda per cápita familiar sexa igual ou inferior ao 1,5 do IPREM.

A contía anual do IPREM será publicada anualmente a través da Lei dos Orzamentos Xerais do Estado, e a renda per cápita familiar deberá ser igual ou inferior á mesma.

#### -RENDA PER CÁPITA FAMILIAR E DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Enténdese por renda per cápita familiar a suma das rendas familiares dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para efectos do cálculo da renda per cápita, son membros computables o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, os/as irmáns solteiros menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano correspondente, ou os/as maiores desta idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. No caso de que algún dos proxenitores ou titores do/a menor non conviva no domicilio familiar, deberá ser xustificado documentalmente mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio, e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos país, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Nesta Ordenanza terase en conta os ingresos do exercicio inmediato anterior ao ano en curso, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. Os estranxeiros empadroados no municipio de Foz serán beneficiarios desta axuda sempre que o soliciten, cumbran o establecido nesta Ordenanza e cumbran así mesmo, as determinacións, condicións e requisitos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e demais lexislación modificadora, complementaria ou de desenrolo da mesma, de maneira que poidan acreditar a súa estancia legal no noso país.

#### **Artigo 3º. Importe.**

A axuda económica de 300,00€ polo primeiro fillo, 400,00€ polo segundo fillo, e 500€ polo terceiro e sucesivos, farase efectiva dunha soa vez, pero queda condicionada ao mantemento da residencia no termo municipal durante o período mínimo de cinco anos, contados dende a data do acontecemento. O incumprimento deste requisito dará lugar á inmediata revogación total do importe concedido e ao reintegro correspondente.

#### **Artigo 4º. Financiación das axudas concedidas.**



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

No presuposto municipal de cada exercicio incluírase unha partida de 12.000,00€ , para dar cobertura económica ás subvencións que se outorguen cada ano.

### **Artigo 5º. Solicitudes.**

A solicitude deberá asinala o pai que conviva co fillo e formularase no modelo oficial que será facilitado nas oficinas municipais, ao que se achegarán os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou documento que o substitúa, do solicitante.
- b) No caso de nacemento, certificado literal de inscrición no Rexistro Civil, ou fotocopia compulsada do libro de familia onde conste o novo nacemento.
- c) No caso de adopción, fotocopia compulsada do auto xudicial de adopción, ou copia compulsada, cando corresponda, da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- d) Copia compulsada da sentenza de separación ou divorcio, cando corresponda.
- e) Impreso debidamente cuberto co número da conta bancaria (código conta cliente) designada para percibir, de ser concedida, dita axuda.
- f) Documento acreditativo da residencia no termo municipal.
- g) Acreditación de non ter débedas coa facenda local, mediante informe do servizo de recadación do Concello e da Deputación Provincial.
- h) Declaración xurada ou promesa de que, salvo causa xustificada, a unidade familiar constituída vai residir dentro do termo municipal de Foz durante un período mínimo de cinco anos a contar desde o nacemento ou adopción.
- i) Declaración xurada ou promesa de que non concorren nos solicitantes ningunha das causas do artigo 13.2 da Lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A documentación presentárase no rexistro municipal, sen prexuízo do que dispón o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Artigo 6º. Resolución.**

A resolución do expediente corresponderalle a unha comisión avaliadora que estará composta polo concelleira de Asuntos Sociais, Sanidade, Muller, Xuventude e Deportes, a educadora familiar, o secretario e o interventor municipal, que terá que adoptar o acordo no prazo de seis meses dende a presentación da solicitude e a documentación completa. Transcorrido dito prazo sen recaer resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

### **Artigo 7º. Reintegro e réxime sancionador.**

Procederá a revogación total das axudas e o conseguinte reintegro das cantidades percibidas, nos seguintes casos:

- No caso de falseamento ou ocultación de datos tidos en conta para a concesión da subvención.
- No caso de non reunirse as condicións necesarias para a percepción da subvención.
- No caso de incumprirse a obriga de manterse os solicitantes e os fillos que motivaron a solicitude de axuda, empadroados e residentes no termo municipal durante o prazo de TRES anos.

A revogación será acordada pola comisión avaliadora , previa audiencia aos interesados, e levará consigo o reintegro da axuda percibida. A comisión avaliadora será tamén a competente para sancionar as infraccións mediante imposición de multa que poderá alcanzar o dobre do importe da axuda outorgada, previo expediente instruído ao efecto, tendo en conta que se consideran infraccións as acción e omisións tipificadas no artigo 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tramitándose o procedemento conforme ao establecido na devandita lei.

**DISPOSICIÓN FINAL.-**

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. A súa vixencia será indefinida e a súa derogación esixirá acordo expreso adoptado polo órgano competente.

Contra o presente acordo que aproba unha disposición de carácter xeral, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.-

6 Abril 2018